

A xeración Lamote ou cando a LIX galega se fixo por fin maior

Bragado alcumou co personaxe de Martín un momento da historia da literatura

REPORTAXE


IAGO MARTÍNEZ
GALICIA

iago.martinez@xornaldegalicia.com

Hai traxectos que se asocian a unha lectura e quedan aí para sempre. A Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) pásolle cando marchou a Gernika en 1976. Ensinante antes que Premio Nacional de Literatura, o vilalbés pagou no País Vasco unha das peaxes – “feliz”, matiza – que impoñía a carreira docente. Naquel tren que o levaba para alá, recorda agora, ía lendo *No cadeixo*, un dos primeiros títulos de Paco Martín (Lugo, 1940). Aínda quedaban moitos anos para que Fernández Paz debutase como narrador e moitos más para que Manuel Bragado, vendo unha foto de Xurxo Lobato na que os dous escritores aparecían xunto a Xabier P. Do Campo (Rábade, 1946), os alcumase como a xeración Lamote. Para que existise a “feliz creación” do editor viugués era necesario que Ramón Lamote, o personaxe creado por Paco Martín en 1985, se instalase na historiografía como un sinónimo – ou metáfora – da maioría de idade da literatura infantil e xuvenil galega.

Nun tempo no que as comunicaciones en Galicia eran africanas, bromea Fernández Paz, a renovación pedagógica era unha tarefa titánica na que traballaban grupos illados de docentes por todo o país. Nun determinado momento, algúen propuxo sumar eses esforzos e centralizar en Santiago o traballo do que logo sería Nova Escola Galega. Verse periodicamente e organizar o ensino progresista daquel presente, aínda máis largo do que a Transición acabaría consentindo. Así empezaron a tratarse Agustín Fernández Paz e Xabier P. Do Campo, amigos de antes e compañeiros de traballo, con Paco Martín.

Para o que ía ser e non foi a *Revista Galega de Educación* – que sería, pero con outro formato e outros presupostos –, Agustín fixolle unha longuíssima entrevista a Paco Martín. Calquera a atopa agora, resíguese o autor de *Cartas no inverno*, entre o mundo de casetes que gardan a memoria daquela época no local onde lle fixo sitio en Vigo á súa biblioteca. Son o testemuño, non só da prehistoria da literatura infantil e xuvenil tal e como a coñecemos agora, senón da época en que a renovación pedagógica inten-



Paco Martín, Agustín Fernández Paz e Xabier P. Do Campo

XDG

tou tomar as escolas. *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), gravado a lume na memoria infantil de varias xeracións de escolares, ten algo de libro fundacional. Para Agustín Fernández Paz, que tamén acabaría galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, como Do Campo e Martín, obviamente en anos diferentes, é a primeira vez que na literatura galega se ensaia o que máis alá dos Pireneos había tempo que se facía.

“Era o que nós descubríramos cando en España se empezaran a editar os libros de Michael Ende, Gianni Rodari, Ursula Wolfel ou Roald Dahl”, recorda agora o autor de *Non hai noite tan longa*. “Paco Martín fixo en *Das cousas de Ramón Lamote* unha novela galega pero tamén universal. Era o que buscabamos”. A crítica, non só a académica, e os lectores, acabarían dándolle a razón a ese pálpito, tanto polo número de exemplares vendidos como pola

A amizade de Fernández Paz, Do Campo e Martín vén dos tempos da renovación pedagógica en Galicia

proxección internacional e o prestixio crítico da literatura infantil e xuvenil galega.

A xeración Lamote é, até certo punto, elástica. Pola idade e o tempo histórico, tamén Fina Casalderrey pode ser incluída no artefacto de Bragado. A relación persoal entre os escritores, porén, circunscríbea ao trío da Terra Chá (Paco Martín gañou a nacionalidade facendo de Ramón Lamote un veciño da rexión).

Moitos anos despois dos seus primeiros títulos, máis alá da súa carreira literaria, renovan a súa amizade, como mínimo, cun encontro anual. Só Paco Martín e Xabier P. Do Campo saben o importantes que foron para Agustín Fernández Paz os anos que pasou na “illa de liberdade” que era Barcelona na primeira Transición. Só eles son capaces de anticiparse ás batallas do vilalbés e amolalo, nada máis insinuar un recordo, cun retranqueiro e entrañabel “En Barcelona!”. ■